




PESQUEIRAS DE ARBO

Adela Leiro, Mon Daporta
abril 2018



Distancia: 9 km (lineal)
Dificultade: media



Unha ruta indicada para facer en tempos de pesca da lamprea que adoita ser de xaneiro a maio ou xuño, o que podemos aproveitar e ver os aparellos largados ou tendidos a secar á beira da auga. Varía moito en función do nivel da auga; en tempos de augas baixas pódese camiñar pola beira do río e baixar as praias e rañas. Coas augas altas, despois das abundantes choivas, o terreo con fortes desniveis obriga a seguir o sendeiro de pescadores, acondicionado, con algúns puntos difíciles pero con escaleiras e cordas para salvar os tramos máis complicados, sendeiro que en parte do percorrido vai lonxe do río e polo medio dun bosque de mimosas e amor de home (dúas plantas invasoras case omnipresentes ao longo de todo o traxecto) que o fan pouco interesante e menos atractivo, pero do que saen desvíos cara ao río, que son os carreiros que levan ás pesqueiras; ata chegar ás proximidades de Arbo onde reconforta atoparse co bosque autóctono, sombrizo e húmido no que carballos, freixos, amieiras e salgueiros ocultan o sol e permiten medrar entre eles especies propias do seu ambiente.

Ao longo do camiño, nas proximidades dos lugares máis destacados, atoparemos paneis con información sobre a lamprea e as pesqueiras, construcións na corrente onde se instalan os vituróns cos que se capturan as lampreas.



Praia e pesqueiras en Sela

PERCORRIDO

Podemos comezalo nas praias de Arbo ou de Sela, segundo queiramos facelo río abaixo ou río arriba. Se non se quere facer todo o percorrido, aínda que se perdan algún detalles, pódense visitar os puntos máis interesantes: a Praia de Sela e os arredores onde hai una gran concentración de pesqueiras una fonte de augas mineiromedicinais, que se venderon envasadas en tempos, a praia, varias rañas (grandes depósitos de coiros) e una grande variedade de plantas propias das beiras do río; a praia de Arbo onde queda o peirao do transbordador que unía as dúas beiras, hai varias pesqueiras e podemos andar un algo polo carreiro dos pescadores para achegarnos a outras camiñar polo bosque de ribeira; e a desembocadura do río Cea cun muíño, unha pequena fervenza a onde se chega desde a ponte Cabaleiros donde quedan os restos dun serradoiro que usaba a auga do río como forza motriz. Nos paneis sinalan como orientativo para percorrer o sendeiro un tempo que non chega ás tres horas, nós que non somos uns correcamiños e fixemos algúns desvíos ás pesqueiras que aparecían ao longo do percorrido e demoramos un algo vendo plantas e outros detalles que nos chamaron a atención, estivemos camiñando tres horas e media.



Arzaias á beira do Miño



Raña en Sela



Fonte mineiromedicinal Augas de Sela



Praia na Barca de Loimil

AS PESQUEIRAS OU PESCOS son construcións que se fan nas beiras do río no sentido perpendicular ou oblicuo á corrente para obrigar aos peixes a pasar por unhas canles estreitas onde se arman os aparellos con que se capturan. Está formado por uns muros de cantería, chamados poios, entre os que queda un corredor dunha anchura variable (menos de 1 m) polo que circula a auga.

O aparello de pesca máis empregado é o boitirón, boitrón, viturón ou nasoura. Unha rede-trampa semellante a unha nasa, de forma cónica de aproximadamente 2 m de lonxitude, con outra máis pequena no seu interior. A rede mantense aberta con varios aros de tamaño decrecente que tradicionalmente se facían con ponlas de loureiro e na actualidade fanse con ferro.

As pesqueiras son estruturas comúns, desde a Idade Media no Miño, onde se conservan na actualidade desde Crecente a Salvaterra. Empréganse fundamentalmente para capturar lampreas. Empréganse fundamentalmente para capturar lampreas.



Pesqueira cos vituróns armados nos corredores entre os poios



Viturón e gancho



Boca dunha lamprea



Rede cabaceira (tradicionalmente emprégabase unha cabaza como boia)